

Coa faz á terra volta.

Toponimia e poesía en Eduardo Pondal

Manuel Ferreiro
Universidade da Coruña

Eduardo Pondal (1835-1917), unha das figuras fundamentais da tríade de poetas do Rexurdimento, tivo unha traxectoria biográfico-literaria que o consolidou, tras a morte de Rosalía en 1885, como poeta nacional até o seu pasamento no día 8 de marzo de 1917. Aínda que médico por formación académica, iníciase na escrita poética desde moi novo e xa desde os seus primeiros textos literarios expresa a asunción dunha misión bárdica, liberadora do pobo galego a través da súa poesía.

Neste sentido, Pondal asume, manifesta e materializa literariamente unha firme vontade patriótica, que acha correspondencia na permanente reivindicación nacionalista *avant la lettre* que se percibe explícita nos seus textos poéticos e, indirectamente, noutros textos complementarios. Así deben ser contextualizadas e explicadas as alusións aos nacionalistas gregos e irlandeses (Marco Botzaris, Daniel O'Connell, Charles S. Parnell; vid. QP 77¹), a nacións europeas en proceso de liberación nacional (Polonia, Serbia, Ucraína...; vid., por exemplo, PM 62, PM 76²) ou con movementos de resistencia nacional (Cataluña, Escocia; vid. PM 21, PM 116) ou, aínda, a composicións dalgúns textos explicitamente anticasteláns, como símbolo de España, xa que Castela é considerada como “a gran prostituta / d’España no centro” (vid., entre outros poemas, PM 21, PM 22, PM 23 ou PM 61).

No entanto, e como contraste, en *Queixumes dos pinos*, a obra-mestra pondaliana, non achamos absolutamente ningunha ocorrencia da voz *galego* (*gallego*

1 As referencias aos poemas de Eduardo Pondal son feitas a partir da edición da súa *Poesía Galega Completa* (Pondal 1995-2005) en Edicións Sotelo Blanco (Santiago de Compostela), coas seguintes siglas: QP (= *Queixumes dos pinos*, vol. I, 1995), PI (= *Poemas Impresos*, vol. II, 2001), PM (= *Poemas Manuscritos*, vol. III, 2002).

2 Sobre este poema véxase Fernández Pérez-Sanjulián (2017: 170-171).

na lingua da época), que só se manifesta significativamente coa determinación *de Breogán (xente, fillos, raza... de Breogán)*. Para encontrarmos o noso xentilicio temos de recorrer a poemas impresos non recompilados polo poeta en libro ou aos poemas que deixou manuscritos, de todos os xeitos con moi poucas atestacións. Dun modo moi similar acontece co etnónimo Galiza ou Galicia, que só acharemos nun único poema de circunstancias: o nome da patria aparecerá sempre coas metafóricas denominacións *Erín* (ou *Erim*) e *Suevia* (e *Celtia* nunha ocasión), ou, aínda máis frecuentemente, nomeada novamente a través de sinxemas do tipo *terra / fogar / nazón / patria... de Breogán*.

Fronte a esta realidade elusiva, Eduardo Pondal delimita e xera na súa poesía a través da utilización de centos de topónimos un mapa simbólico que se circunscribe ao que podemos denominar –*grosso modo*– Bergantiños, verdadeira metonimia da nación galega enteira. Como é sabido, o poeta viviu toda a súa vida na Galiza, pois só pasou uns días por Madrid para facer as oposicións a médico militar, que exerceu durante dúas ou tres semanas na asturiana Fábrica de Armas de Trubia. Agás estas dúas saídas extragalegas, a que podemos sumar unha estadía duns meses en Ferrol, onde traballou como médico da Armada, Pondal morou sempre nos *pátridos eidos*, coa Ponteceso como centro permanente da súa existencia, e con dúas cidades de referencia: Santiago de Compostela, onde estudou Medicina e participou en eventos político-literarios durante a súa mocidade (lémbrese o Banquete de Conxo, en 1856), e A Coruña, cidade onde publicou *Queixumes dos pinos* en 1886 e onde pasou despois longos períodos, sobre todo a partir da súa instalación definitiva en 1908 até a súa morte en 1917. Así pois, Eduardo Pondal criouse e permaneceu a maior parte da súa vida nas terras de Bergantiños e territorios adxacentes, tal como se pode confirmar a partir da documentación conservada e dos datos biográficos coñecidos: á parte do Ponteceso nativo, o Bardo pasou tempadas longas como estudante inicial en Vilela de Nemiña (Muxía), mais tamén, en diferentes épocas, noutras vilas e comarcas próximas, cales Laxe, Corcubión ou Carballo, para alén das antecitadas estadias nas cidades de Santiago e A Coruña.

Esta vivencia da *nativa terra propria* proporcionoulle un coñecemento da terra que tripaba non só como habitante e viandante mais tamén como cazador e excursionista consciente, tal como se desprende da súa correspondencia³. A

3 As cartas citadas poden verse en Ferreiro 1991: 73-253, e 2017b: 155-232.

práctica da caza é atestada nunha carta a Rosalía (“Como bien, cazo mucho, y duermo mejor”; 31/III/1864). Nas moitas cartas escritas a Manuel Murguía pode percibirse como Pondal percorría o territorio por razóns diversas:

Mi querido amigo: Incluyo a V. la adjunta inscripción que dicen aquí hallarse grabada en una piedra natural del monte Pindo... Ni yo ni nadie de este pueblo supo descifrarla. V., que tiene en estas cosas vista más penetrante, descubrirá su verdadero sentido y la época a que pertenece. (3/II/1867)

Grato es sin duda vagar libremente por los patrios montes; no obstante, al sentarme sobre alguna roca del cabo de Nariga a la hora del crepúsculo, no puedo con mi corazón y me asalta una imperiosa pregunta: Y bien, ¿qué rumbo piensas dar a tu existencia? Basta de vacilaciones y de errores. Al fin, cuento 33 años. (5/III/1869)

Hace ya unos cuantos días que estoy en Corcubión. Acordándome de V., y por no perder el tiempo, he hecho una excursión al cabo de Finisterre; y tuve ocasión de observar, con este motivo, que las peregrinas afirmaciones históricas de Vicetto con respecto al Ara-Solis de los romanos, lo mismo que los ridículos detalles arqueológicos en que entra en la descripción de un supuesto templo al sol, son una serie de imposturas horribles por las cuales no se puede pasar al ver los sagrados fueros de la austera crítica tan maltratados. (6/II/1867)


Que Pondal realizaba decote excursións é tamén confirmado polas advertencias que seu irmán Cesáreo lle fai sobre os excesivos gastos que se derivaban desas viaxes (23/IV/1889):

Que tus hermanas te hayan atendido como un hijo siempre que estubiste a su lado, sin que te costase dispendio alguno, bien hecho estuvo; pero que esas consideraciones, que nunca reconociste, se alarguen a sostener los gastos de tus excursiones a su cuenta, míralo bien, que el deber de los hermanos tiene un justo límite.

A partir, pois, do coñecemento do espazo físico, Eduardo Pondal multiplica as referencias toponímicas nos seus poemas, concentrando o foco creativo nos “eidos nativos”, *lato sensu*, e dándolle visibilidade ás terras do bardo –persoa real e, asemade, personaxe literario– que clama pola redención da patria. Así, fixa un territorio conformado por un *continuum* xeográfico-natural entre comarcas contiguas (Bergantiños, Xallas, Soneira e parte de Fisterra), que comprende, en total, catorce concellos: Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Larcha, Laxe, Malpica e Ponteceso (e mais a parroquia de Anxeriz, no concello de

Tordoia), da comarca de Bergantiños; Mazaricos e Santa Comba, pertencentes a Xallas; Camariñas, Vimianzo e Zas, da comarca de Soneira; e, finalmente, Muxía e Dumbría, da comarca de Fisterra.

Naturalmente, o territorio estritamente pontecesán é o que conta con máis referencias na produción pondaliana. Eis un mapa do concello da Ponteceso cos




Mapa 1. Apéndice cartográfico de Rocío Romar Roel e Faustino Gómez Blanco; Ferreiro 2017a.

topónimos presentes nos poemas ‘xeográficos’ máis representativos⁴:

Ultrapasando a *pequena Ponteceso*, a lírica pondaliana tece e estende unha mesta rede de referencias toponímicas de todo tipo que se concentran na rexión do poeta, por máis que existan esporádicas presenzas de topónimos de terras veciñas, tal como unha representación cartográfica reflicte, explicitando o mapa da “xeografía pondaliana”:

4 Os mapas 1 e 2 foron elaborados a partir dos 84 poemas pondalianos antoloxizados en Ferreiro (2017a).



Mapa 2. Apéndice cartográfico de Rocío Romar Roel e Faustino Gómez Blanco; Ferreiro 2017a.

Para alén de representacións cartográficas, a través de Google Maps pode verse a concentración toponímica que xustifica o concepto *xeografía pondaliana*, referente real do mapa simbólico creado polo poeta:



Mapa 3. Mapa do territorio pondaliano realizado con Google Maps por Xosé Francisco Cotelo Torrado 2017: 18⁵.

5 <https://drive.google.com/open?id=1Yrb3nT1ETaoktsqnZgL5dUDxkpovdte&usp=sharing>

En conxunto, a onomástica toponímica (topónimos, orónimos, litónimos, hidrónimos, epónimos...) seleccionada por Pondal para a converter en materia poética, caracterízase pola procura dunha singularidade (derivada da súa conformación formal ou da súa capacidade evocadora), feito que explica que estas referencias onomásticas da produción poética do Bardo bergantiñán sexan maioritariamente de orixe prelatina e xermánica.

En calquera caso, na poesía de Eduardo Pondal podemos achar evocacións poéticas, con tratamentos literarios diversos, de múltiples lugares e os seus topónimos, que van alén de simples elaboracións poéticas de teor paisaxístico. Véxase, como mostra, un breve poema evocador das formacións rochosas de Pasarela, lugar xeolóxico e xeograficamente senlleiro, preto do monte Gundar (que deu nome a un dos bardos pondalianos), ben próximo do figueiral de Mórdomo, un amoroso *locus amoenus* da súa poesía:

Penedos de Pasarela,
cando vos vexo, penedos,
suspiro d'amor por ela.

(Pondal 1995: I, 33)

Para alén destas creacións poéticas arredor de topónimos, a biografía do poeta está presente en numerosos textos da súa lírica. Un exemplo significativo é o poema centrado na evocación dos anos escolares do futuro bardo en Vilela de Nemiña, con afectiva lembranza dos compañeiros e da súa procedencia:

Ó abrigo de vento circio,
sentada ó pé dos valados
qu'hai nos Casás de Nemiña,
os cabelos pieitando
cun lindo pieite d'ouro
que deslumbraba ó miralo,
cantaba a fada Rouriz
cousas do tempo pasado:

«Eran Manoel Leis e Baña,
Barrentos, Lastres e os Paz;
eran Piñeiro e Leis Busto,
Ruíz, Canosa e Currás;
Arxomil, o da Redonda
(nunca se m'esquencerán),
Pedro Rodríguez, Ocampo,

Lourenzo e Castro Romai;
Francisco, de Castiñeira,
Cristovo, morto en agraz;
Mauro Fernández, Menecho,
Manoel Romero e Pon...al».

Esta parte do seu canto
ben non se poido escoitar
(sopraba o aire mui recio
nos valados dos Casás),
e, cal son de doce corda,
ó lonxe foi espirar.

«Lastres era de Muxía,
a areosa, a seca, a triste;
Leis era de Suxo e Ocampo
da terra de Villarmide;
Leis Busto, de Coucieiro,
Barrentos, de Morpeguite;
de Corcubión os outros
non eran fóra dos lindes;
os outros, ouh Bergantiños!,
todos ti nace-los viches.

Estes foran os rapaces
que nunca me saírán
da memoria, porque un tempo
soían ben alegrar
estes lugares qu'agora
mui sós e tristes están.

Ouh rapacetes rebertes,
de tenro corpo lanzal
e tan libres com'os corvos
do facho de Touriñán,

nas c'lunas do meu palacio,
que baixo da terra está,
os vosos nomes garridos
para sempre hei de gravar».

(Pondal 1995: I, 56-58)

Por outra banda, a biografía do real Eduardo Pondal transparece en múltiples composicións, agora transmutado tamén en bardo enunciador da mensaxe profética polas terras bergantiñas. Véxase un significativo texto, en que un bárdico Pondal regresa de *lonxes terras* á terra natal, que o non recoñece:

Volvendo de lonxes terras
con suidás no corazón,
vin dispois de longos anos
ond'a miña crianza foi:
pasei pola Ponteceso,
cheo d'ansia e de temor,
por ver se me conocía
a terra que me criou,
qu'o corazón vai temendo
n'atopar o que deixou.

Subín pola correduira,
qu'afonda-lo tempo soi;
abrín da Bouza a cancela,
que chiou cun triste son;
fun p'lo camiño do Couto,
que vai por riba do arró;
seguíñ por aquel camiño,
qu'o carro e o tempo escavou,
e ao pé daquela crus,
qu'ergueran nosos avós,
contemprei meu val nativo
con triganza e con tembror,
e afogada polas bágoas
escramei con triste voz:

«Val garrido, val garrido,
o da miña criazón,
ouh val, xa non me conoces,
tan mudado, ouh val, estou?
*Certo, ti ére-lo mesmo,
mas eu o mesmo non son.*

Certo, este é Lestemoño,
cos seus prados arredor;
aquele é de San Vicente
da Graña o rueiro bo;
aquele outro é Carballido,
a Cepeira má[i]s acó;
e Zrezo, e a Brixería,
e o Briallo no seu altar;
e o Couto e o seu campanario,
garrido e branqueador;
e Currás e a Matigueira,
preto do mar, má[i]s aló.

Lugares, caros lugares,
non me conocedes vós?
Tan mudado m'atopades
daquel tempo que pasou?
*Certo, vos sóde-los mesmos,
mas eu o mesmo non son.*

Aquel é o agro de Dego,
aqueleoutro é Murazós;
má[i]s adiante Mularedo,
Canaveas máis aló;
aqueleoutras son as Senras,
dos trigos ledos e bos;
a agra de Mares, as Somas,
e a da Bouza má[i]s acó.

Lugares, que fui, lugares,
daquel tempo que pasou?
Prados, fontes e camiños,
non me conocedes vós?
*Certo vos sóde-los mesmos,
mas, ai!, o mesmo eu non son».*

(Pondal 2003: III, 66-69)

Unha parte importante da xeografía pondaliana está conformada tamén polas referencias aos monumentos megalíticos (castros, dolmens), proba obxectiva dun pasado céltico da *nazón de Breogán*. Véxase, neste sentido, un breve poema que alude ao dolmen de Dombate (obxecto específico, ademais, dunha longa composición publicada en 1895) e mais á arca da Piosa (tamén glosada noutro poema de *Queixumes dos pinos*):

Dólmenes de Dombate e da Piosa,
e ti, ouh arca d'Ogas nomeada,
no voso vello musgo á idade nosa
o esplendor amostrás da edá pasada:
vós ocultades gloria esplendorosa,
vós morte aconsellades celebrada,
vós insinás de Breogán a xente
a vivir e a morrer gloriosamente.

(Pondal 2003: III, 56)

Outrosí, á conformación da xeografía pondaliana contribúe en grande medida a utilización de numerosos topónimos como verdadeiros antropónimos.

Carente dunha mitoloxía nacional que Pondal puidese utilizar na súas (re)creacións do pasado mítico do pobo galego, o poeta establece o principio de que moitos topónimos teñen a súa orixe no nome dunha persoa senlleira ligada, por vida ou por morte, a ese lugar. Así explica como Maroñas, nome dun humilde lugar de Mazaricos, tomou o nome da virxe celta Maroñas, que alí morreu en singular combate cos romanos:

Desde entonces, ouh Maroñas!,
de Xallas probe lugar,
tomache o nome garrido
da valente sin rival,
pois no teu escuro eido
Maroñas descansa en paz.

(Pondal 1995: I, 97)

Desta maneira, intensifícase a ‘densidade onomástica’ ao tempo que a existencia de bardos, guerreiros, mulleres combatentes e outros seres míticos nomeados a través dos topónimos contribúe ao proceso de dignificación e nobilitación da patria, elevando a materia poética os nomes da terra. Eis o *valente* Brandomil e o *escuro* Brandoñas, que deixan de ser uns lugares de *Zas* para se converteren nos célticos guerreiros que dialogan perante o inminente combate contra o romano invasor:

Coma o son do pinal que, murmurando,
mil soños formosísimos evoca,
como a voz do regueiro desbocando
de montesía e cóncava furoca,
tal do bo Brandomil o acento brando,
tal o discurso sai da nobre boca,
i [a]o tenro Brandoñas aconsella
a lutar pola patria doce e bella:

«Ouh Brandoñas, dos celtas tan querido,
dos teus avós garrida somellanza,
esvelto coma pino ben seguido,
airoso no brandir a dura lanza,
lixeiro coma os corzos e garrido
coma os lirios da gandra en comparanza,
quen ben luita..., a groriosa vida corre,
quen morre pola patria..., ese non morre!».

(Pondal 2002: II, 64)

A través dunha multiplicación intensificadora dos topónimos ‘bergantiñáns’, portadores, por veces, dunha conmovedora carga poética e afectiva, Eduardo Pondal crea un marco xeográfico e deseña un mapa simbólico (cfr. a Terra Chá de Manuel María ou o Courel de Novoneyra na literatura recente), que converte, como vimos, a Bergantiños nunha metonimia de Galiza, tal como ben expresou Carballo Calero en “O bo bergantiñán”, o prólogo ao capítulo dedicado ao Bardo na *Historia da literatura galega contemporánea* (1975: 237):

O bergantiñán ara a terra, sega o pan, derruba o piñeiro, caza a perdiz, leva anteposto o carro de táboas ou trinca a escota á vista da praia, iñorante de que pra todo galego culto os traballos e os días da súa vida, os traballos e os días do bergantiñán, locen orballados de gracia poética, por obra e gracia dun poeta daquela terra; de xeito que decimos Bergantiños, e inmediatamente coidamos en Pondal [...].

Na súa poesía, Pondal fixo o descubrimento da súa terra e verteu sobre ela a gracia do bautismo estético. Hoxe, ¿como falar de Bergantiños sen empregar as palabras, os versos de Pondal?

Con efecto, na poesía pondaliana Bergantiños é Galiza enteira, e as súas “[v]ilas, aldeas, rueiros, pontes, ríos, torrentes, castros, bosques, illas, fachos, praias, baixos” (Carballo 1975: 263) son os lugares e eidos dos seus contemporáneos e mais dos galegos e galegas de hoxe, destinatarios todos dunha obra ideada e construída como instrumento de liberación da patria opresa, cando cheguen os tempos profetizados polo bardo.

BIBLIOGRAFÍA

- Carballo Calero, Ricardo (1975 [1963]): *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia.
- Cotelo Torrado, Xosé Francisco (2017-18): *Toponimia e antroponimia na obra poética de Eduardo Pondal*. A Coruña: Universidade. Traballo de Fin de Grao [inédito].
- Fernández Pérez-Sanjulián, Carme (2017): “Polonia no horizonte das Irmandades da Fala”, en Justo Beramendi *et al.* (eds.), *Repensar Galicia. As Irmandades da Fala*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Museo do Pobo Galego, 169-184.

- Ferreiro, Manuel (1991): *Pondal: Do dandysmo á loucura (Biografía e correspondencia)*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- (2017a): *Esta é a terra dos eidos amigos. Antoloxía xeográfica da poesía pondaliana*. A Coruña: Deputación provincial.
- (2017b): *Eduardo Pondal, o cantor do eido noso*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Pondal, Eduardo (1995-2005): *Poesía Galega Completa*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco [4 vols.]. Ed. de Manuel Ferreiro.